

## A Cámara de Comercio entrega 76 diplomas aos participantes en tres programas de creación de empresas

**Creáronse 9 empresas e 52 proxectos de emprendedores**

**Os cursos realizáronse coa colaboración do Fondo Social Europeo, Fundación INCYDE e a Deputación da Coruña**

---

*Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2010.*- A Cámara de Comercio de Santiago de Compostela celebrou esta mañá un acto no seu viveiro empresarial, no que se entregaron os diplomas aos 76 participantes en tres programas de Creación e Consolidación de Empresas, organizados en colaboración coa Fundación INCYDE (Instituto Cameral de Creación y Desarrollo de la Empresa), que contaron con financiamento do Fondo Social Europeo.

O acto estivo presidido polo titular da Cámara de Comercio de Santiago, **Jesús Asorey**; o director xeral da Fundación INCYDE, **Ángel Colomina**; deputado provincial da Deputación da Coruña, **Bernardino Rama**; a secretaria xeral da Cámara, **Filomena Casal**; e a responsable do viveiro de empresas, **Rosa Cardeso**.

As actividades económicas que desenvolven ou queren desenvolver os participantes teñen que ver coa hostalería e restauración e coa comunicación, produción e publicidade. En total, a través destes cursos creáronse 9 empresas e 52 proxectos de emprendedores.

Asorey destacou a importancia do papel da formación e innovación, como “dúas percha nas que temos que colgar as nosas empresas e proxectos empresariais”. Pero ademais, o presidente asegurou que existe un terceiro elemento necesario para alcanzar o triunfo no emprendemento, a alta motivación.

O presidente cameral animou aos participantes nestes programas de formación a ter éxito “con tesón e as ferramentas axeitadas”, e expresou a vontade da Cámara a “perfeccionar” e poñer a disposición de profesionais, emprendedores e empresarios “os mellores servizos e instrumentos”.

Pola súa parte, Ángel Colomina indicou que os emprendedores non poden perder a ilusión no seu proxecto e non dudar á hora de pedir axuda ás administracións. Ademais, Colomina anunciou que a finais de 2010 haberá unha ferramenta de financiamento para as empresas recén saídas dos viveiros, que lles garantizará a súa consolidación no mercado.

## Aluguer de luxo

No transcurso do acto, a emprendedora **Mar Carreiras** presentou o seu proxecto empresarial baseado no aluguer de vehículos deportivos descapotables, **Skythinking**. **Trátase da primeira firma dedicada en exclusiva a esta actividade en España.** A entidade ([www.skythinking.com](http://www.skythinking.com)) ofrece aos seus clientes un turismo de experiencias, emocións para gozar de rutas por Galicia con sensacións novas e pracenteiras. Esta idea de negocio tenta unir o pracer de conducir un coche descapotable coa visión das paisaxes galegas. Actualmente, a firma ten o seu punto de aluguer nos tres aeroportos galegos, pero proximamente expandirase a outros aeroportos españois e portugueses.

A emprendedora destacou a potente imaxe corporativa da empresa, aspecto co que loita a firma para combater a escasa cultura do descapotable en España, e en particular en Galicia. “Non hai hábito de uso de vehículos descapotables en Galicia, pero sí na mobilidade a través de motos”. Explicou que os descapotables teñen maiores prestacións e comodidades, como as capotas para soportar a chuvia e o aire acondicionado.